

# MÉTODO DE ARITMÉTICA MENTAL CON ÁBACO



UCMAS contribúe a desenvolver a atención e concentración, a memoria visual e auditiva, a autoconfianza, a creatividade; en definitiva, as competencias básicas necesarias para optimizar o rendemento escolar do neno e ser quen de afrontar calquera reto que requira esforzo e axilidade mental.

UCMAS é un programa de desenvolvemento intelectual deseñado para estimular unha utilización máis completa do cerebro, especialmente do hemisferio dereito. A través do cálculo mental e utilizando como ferramenta de aprendizaxe o ábaco, os alumnos/as pasan do mundo físico ao abstracto; conseguindo independizarse de dita ferramenta e transferir os coñecementos a un ábaco mental (imaxinario). No transcurso desta acción contribúese á consecución dos diferentes obxectivos propostos e dos beneficios que supoñen a aprendizaxe do método.

## Beneficios para os estudantes:

- Programa educativo UCMAS contribúe a evitar o fracaso escolar e capacita ao alumno/a para unha formación ao longo da vida. Para a obtención dos diferentes beneficios que conforman o método, requírese práctica diaria.
- UCMAS incrementa a exactitude e a velocidade, ademais de mellorar a memoria.
- Axuda a aumentar a capacidade de aprendizaxe, escritura, lóxica, análise e investigación.
- Estimula a concentración así como a comprensión.
- Axuda a desenvolver a imaxinación e mellorar o rendemento académico do neno/a.

**Destinatarios do Programa:** nenos e nenas de 6 a 12 anos.

**Datas de realización :** novembro de 2012 a xuño de 2013 incluídos.

**Día e horario:** 1 sesión semanal de dúas horas por grupo ou nivel:

- Xoves de 16:00h a 18:00h - GRUPO KG: nenos e nenas de 6 a 7 anos.
- Xoves de 18:15h a 20:15h - GRUPO BASIC: nenos e nenas de 8 a 12 anos.

**Prezo:** O custo mensual por alumno/a UCMAS será de 46€ (IVE engadido).

**Material do alumnado:** o custo do material para cada curso escolar será de 30€ máis IVE que inclúe dous libros por nivel, un caderno de exercicios por nivel, o estoxo co ábaco ao comezo do programa e as certificacións de cada nivel.

**Lugar de realización:** por determinar.

**Información:** 615 780 528 / 649 346 457 - [anias@anias.es](mailto:anias@anias.es)